



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Ribeira. Parroquias: Santa María de Corrubedo ao noroeste, Santa María de Olveira ao norte, San Martiño de Oleiros nunha pequena franxa ao nordés, San Xán de Artes no centro, San Paio de Carreira ao sur, excepto unha franxa ao sueste en Santa Uxía de Ribeira e a esquina suroccidental en Nosa Señora do Carme de Aguiño. Extensión: 22,52km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A especial configuración dunha costa en forma de seo protexida da erosión mariña entre os cabos de Corrubedo e Punta Falcoeiro, deu lugar a un amplo complexo sedimentario areoso que desde a praia, se prolonga cara ao interior pola chaira costeira, a través dun gran campo de dunas que presenta fronteiras en activo. Á súa vez, este sistema actúa obstaculizando a chegada dos cursos fluviais ao mar e retendo achegas sedimentarias fluviais. Todo iso, en conxunto, deu orixe a un complexo sistema dunar e marismefo que ocupa a maior parte da unidade, prolongándose polo interior cara ao nordés, ao abrigo das estribacións da Serra do Barbanza. Inclúe o EIX Complexo sedimentario de Corrubedo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Establecendo sectores de orientación NE.-SO., divídese a unidade en tres sectores. O sector setentrional conta cun granito hercínico de dúas micas de gran medio con megacrístais. Os sectores central e meridional contan cunha granodiorita biotítica con megacrístais de Idade tardihercínica. No extremo sueste e leste, esta unidade rochosa conta con enclaves de xistos e paragneises de Idade precámbrico-silúrica pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas. A cobertura sedimentaria do Cuaternario ten unha extraordinaria importancia, pois suman extensos depósitos areosos de praia e dunares, con outros de marismas e amplas áreas aluviais na parte baixa da conca deprimida costeira. Esta cobertura aluvial continúa, cara ao interior, acompañando ás canles dos cursos Longo, Vilaverde, Serves, Artes, Sasellas e da Cidade, ademais da lagoa de Vixán. Aparecen outras áreas con cuaternario "indiferenciado" na parte sur da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O complexo sedimentario de Corrubedo inclúese no ambiente climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No alto dos montes Taúme, Santo Alberto e Castro Cidade supérase os 1400mm de precipitación, alcanzando máximos de 1600mm o que define a variante Moi Húmida do ambiente climático dominante na unidade.

OS SOLOS

Secuencia característica de chans típica dos complexos sedimentarios e áreas hidromorfas anexas. Arenosos álbicos e háplicos sobre os sedimentos cuaternarios da praia de Corrubedo e fluvisóis sálicos e tíonicos na contorna das lagoas. Tras o complexo sedimentario esténdese o val en cuxa parte baixa debido á escasa pendente desenvólvense chans fértiles e profundos do tipo cambisol dístrico. Nas ladeiras e montes circundantes (montes Castro Cidade, San Alberto e Taúme) cos maiores desniveis os chans fanse máis esqueléticos e pobres, aflorando en moitos casos o substrato rochoso, sendo frecuentes os leptosóis líticos e os regosóis.


AS AUGAS

O fenómeno hídrico máis destacado desta unidade é o desenvolvemento das Marismas do Carregal e Vixán ao abrigo do complexo dunar de Corrubedo. Trátase dun esteiro no que se localizan as Augas de Transición definidas polo código 20179. Antes da súa desembocadura ao mar, estas lagoas costeiras recollen a auga de drenaxe de toda a zona, recibindo a do Carregal, o achegue do río Longo e o seu afluente: o regato de Vilaverde, polo norte; o regato de Serves polo nordés; o río de Artes xunto co regato de Soledade, polo leste; e o regato da Cidade polo sur. A lagoa de Vixán conta como principal colector ao regato do Vilar, procedente do nordés. Todo o complexo sedimentario areoso da unidade está bañado polas Augas Costeiras clasificadas como 20172, mentres que o extremo suroriental da unidade, nos inicios da Punta Falcoeiro, a masa de Augas Costeiras pasa a ser a 20101.

O PATRIMONIO NATURAL

Conxunto dunar, praia e áreas húmidas, pertencen ao LIC Complexo Húmido de Corrubedo, ao Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Na fronte, ademais das dunas atlánticas (grupo 21), existe o hábitat 2260, dunas esclerófilas do Cisto-Lavanduletalia. Tras elas, dúas lagoas costeiras (1150), que albergan importantes áreas marismefas (grupo 13). Tamén existen os hábitats 1110 e 1140, bancos intermareais e mareais someros areosos e fangosos, especialmente na lagoa de Carregal. No interior aparecen importantes bosques ripícolas (91E0) ao redor da lagoa de Carregal e do río Artes -en formación estreita pero continua-. Nas zonas deprimidas costeiras son habituais os prados dos hábitats 6420 e 6430. En Monte Taúme, Castro da Cidade e algúns relevos tras as dunas, xacen ambientes de pendentes rochosas con vegetación casmofítica (grupo 82) e matogueiras secas (4030 e 4040). Nas dunas hai Limonium dodartii, taxón vulnerable protexido.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na primeira franxa destaca o complexo húmido de Corrubedo asentado sobre unha chaira costeira e constituído por dunas, lagoas e marismas. A lagoa de Vixán de auga doce sitúase nas inmediacións do areal polo sur xunto cun observatorio ornitolóxico. No extremo sur do parque natural está situada a Casa da Costa utilizada como centro de recepción de visitantes e anexo a este, o Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia. Nunha segunda franxa predomina o piñeiral procedente de repoboación que se alterna con matogueira. Nunha terceira franxa máis antropizada estrutúrase un parcelario de uso agrícola e asentamentos nas marxes das estradas periféricas ao complexo dunar. Na periferia este da unidade péntrase parte do polígono industrial de Xaras, sinalar a presenza dunha planta coxeneradora. De forma puntual aínda que nunha contorna inapropiada a presenza dunha canteira nas cercanías do parque natural e outra excavación a ceo aberto ao norte do polígono de Xaras.

MORFOLOXÍA

Destacan os pequenos núcleos rurais de Olveira, Rairiz, Bretal, Serves, Arribas, Os Queimadoiros, Bouciñas, Gude, Cruxeiras e O Castro nas proximidades do complexo armazón viario, e os asentamentos espontáneos desenvólvense ao longo das estradas principais. A morfotopoxía existente é a de vivenda unifamiliar de planta e baixo vinculada ao parcelario agrícola nos núcleos rurais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dentro do areal de Corrubedo existe unha rede de camiños de uso restrinxido por pertencer á contorna do espazo natural, sendo o único acceso permitido unha pasarela de madeira que conduce á praia de Corrubedo, evitándose así o tránsito polo sistema dunar co fin de protexelo. Armazón viario complexo e denso na periferia da paraxe natural. De forma perimetral ao espazo natural de Corrubedo está a estrada AC-7304 que enlaza coa principal AC-303 que transcorre desde o norte en dirección ao parque natural. Destas dúas saen as ramificacións AC-7103 ao noroeste e a AC-7302 ao sueste para comunicar os diferentes núcleos rurais. A estrada AC-550 situada ao leste da unidade comunica o polígono de Xaras coas poboacións máis ao norte. O resto da rede viaria confórmaa un entramado complexo que vertebra as pequenas poboacións co parcelario existente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Compre salientar a presenza de abundantes elementos pertencentes ó patrimonio etnográfico relaionados coa arquitectura relixiosa, tales como as igrexas de Santa María de Olveira, a de Bretal, a de San Xulián de Artes, as capelas da Virxe das Dores, de Santa Angustia e de San Roque e a ermida da Guía. Tamén o cruceiro de Viso e os cemiterios gardan relación coos elementos da tradición relixiosa. Atópanse pegadas de asentamentos primitivos como os castros da Cidá e de Artes. Os ronseis romanos de Bretal e abundantes mámoas. Destacar o menhir de Bretal.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O conxunto aséntase nunha chaira. Diferéncianse dúas zonas que contrastan producindo certo desequilibrio na paisaxe. A primeira zona de carácter natural e gran valor ecolóxico defínese a partir do gran areal de Corrubedo, que se completa cunha longa cadea de dunas, marismas, lagoas e extensas chairas. Antes de chegar á segunda zona os piñeirais achegan unha barreira visual que axuda a manter certa estabilidade na calidade da paisaxe anteriormente descrita. Esta segunda franxa moito máis antropizada, cuxo límite fórmalo as estradas AC-303 e a AC-7304 está formado por núcleos rurais vinculados ao uso agrícola e asentamentos lineais recentes nas marxes das estradas.

DINÁMICA DA PAISAXE

O proceso de transformación paisaxística máis visible apréciase na proliferación de asentamentos espontáneos que co tempo favoreceron o abandono que se observa no parcelario agrícola e tamén propiciado pola mellora da rede de comunicacións viarias en favor da industria conserveira e pesqueira dominante na comarca e tamén consecuencia do auge turístico. Hai outras actuacións máis severas como a explotación ao descuberto dunha canteira e nun plano máis afastado a creación dun polígono industrial. Destacar tamén o avance da duna que se calcula nuns 2 cm ao ano cara ao interior.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Asentado sobre unha vertente suave, o complexo humidal de Corrubedo evoca unha estampa única no noroeste peninsular. Nun primeiro plano a duna ofrece una barreira natural de area branca e fina que rompe para dar entrada ao mar na lagoa salgada de Carregal. A variedade dos seus sistemas e formas naturais que por si mesmos constitúen ecosistemas únicos xeran unha sinerxía que potencia aínda máis o valor paisaxístico desta increíble contorna natural. Unidade cun gran valor singular pola beleza das súas formas e polo seu interese xeomorfolóxico. Posúe a duna móbil máis grande do noroeste peninsular con máis de 1 km de longo, 200-300 m de ancho e máis de 15 m de altura. As súas lagoas forman hábitats singulares que xunto co complexo dunar, a súa praia e a súa chaira intermareal pertencen ao LIC do Complexo Húmido de Corrubedo, ao Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e a IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. O conxunto está especialmente protexido e considérase Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Escolleuse no alto do Monte Taume de Olveira a unha cota de 200 m como punto de observación, anque tan prezada paraxe é digna de admirar desde diferentes puntos de observación, desde a chaira intermareal ofrécese unha boa visión do conxunto cun fondo escénico singular culminando nas montañas escarpadas da serra do Barbanza. Ademais de Parque Natural foi cualificado Humidal de Importancia internacional (Humidal Ramsar), está incluído na proposta galega de Rede Natura 2000 e foi declarado Zona de Especial Importancia para as Aves. Esta unidade enmárcase nun sector que supón un referente desde o punto de vista ecolóxico, en parte tamén á súa proximidade co archipélago da Illa de Sálvora, Vionta e Sagres. Atópanse pegadas de asentamentos primitivos como os castros da Cidá e de Artes. Os ronseis romanos de Bretal e abundantes mámoas. Destacar o menhir de Bretal.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN







Fachada litoral situada ao norte da estrada C-7304, concretamente os asentamentos espontáneos desenvolvidos entre os núcleos de Oliveira, Rairiz, Breta e Serves, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas dispersas na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais rurais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:25.002

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



